




FERVENZAS DO XALLAS

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 114,5 km (circular)
 Santa Comba: Castriz: 8 km
 Castriz-Hospital: 40 km
 Hospital-Xestosa: 6 km
 Xestosa-Ézaro: 8 km
 Ézaro-Noveira: 6 km
 Noveira-Fírvado: 13 km
 Fírvado-Santa Comba: 33,5 km
Duración: todo o día (con paradas)



O Xallas en Ézaro

A ruta combina os desprazamentos en coche con curtas camiñadas polos desvíos ás fervezas. Permite unha visión xeral da cunca do Xallas e das paisaxes da zona: monte Pindo, Buxantes, A Ruña...

1-Castriz

No río Mira, afluente do Xallas, en Castriz (Santa Comba). A ferverza cae duns 8 m de altura en varios saltos en gabros.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Santa Comba a Coristanco no lugar de Castriz cóllese un cruce no que hai un antigo acruceiro. Séguese sempre pola esquerda e chégase á ferverza despois de aproximadamente 1 km.



Ferverza de Castriz

2-Hospital

Varios pequenos saltos no río do Hospital, un afluente do Xallas, na parroquia de Dumbría (concello de Dumbría)

COMO CHEGAR:

Na estrada de Pino do Val a Dumbría, no lugar de Hospital. Pódese seguir o río cara abaixo desde a ponte da estrada con bastante dificultade.



Ferverza de Hospital



3- Xestosa

No rego da Xestosa, afluente do Xallas. O río salva un gran desnivel en varios saltos e unha gran escorregadeira.

COMO CHEGAR: na estrada de Dumbría a Cee cóllese o desvío a Anseán e A Xestosa. Desde o centro do lugar séguese a pista que baixa ao río ata os muíños. Baixar a carón dela é moi complicado. Para vela ben convén achegarse pola marxe esquerda ao monte de en fronte (Petón da Escaleira).

Tamén hai boas vistas da devesa de Anllares, na outra marxe do Xallas.

4-Rego da Ribeiratorra

No lugar do Enxilde (Arcos). O río cae sobre o encoro do Xallas formando un salto de varios metros de altura.

COMO CHEGAR: para vela é mellor achegarse á outra banda do encoro, no lugar de Santa Uxía, pola estrada que vai de Ézaro a Dumbría.



Rego da Xestosa



Rego da Ribeiratorra

5- Ézaro

No río Xallas en Ézaro (entre os concellos de Carnota e Dumbria). O río Xallas encáixase formando un estreito canón entre as rochas de granito rosa do Macizo do Pindo e o Macizo de Buxantes e bótase ao mar na enseada de Ézaro nunha ferverza de case 100 m de altura. O Xallas é o único río de Europa que desemboca deste xeito no mar. A construción do encoro de Santa Uxía privou de auga a esta ferverza durante moitos anos. Agora, grazas ás reclamacións do colectivo ecoloxista "Ríos con Vida" xa podemos gozar da súa contemplación, aínda que só co caudal ecolóxico que libera a empresa.

COMO CHEGAR:

Desde Ézaro cóllese o desvío que vai á central hidroeléctrica e desde alí séguese a pasarela acondicionada.



Ferverza de Ézaro

6- Noveira ou Nuveira

No río Arcos, un afluente do Xallas, na parroquia de Arcos (Mazaricos). A ferverza salva un desnivel de aproximadamente 10 m de altura en rochas de granito rosa.

COMO CHEGAR:

Pódese acceder desde Ézaro subindo ao encoro de Santa Uxía e cruzalo ata pasar Fieiro e Noveira (o acceso é pola entrada dunha depuradora de augas), ou pola estrada que ven desde A Picota (desde Colúns).




Ferverza de Noveira

7- Fírvado

No río Beba, un afluente do Xallas, na parroquia de Coiro (Mazaricos). Hai varios rápidos e saltos pequenos por todo o percorrido do río Xendiz e a ferverza principal está no Beba, no punto onde se xuntan.

COMO CHEGAR:

Desde Arcos vaise a Suevos e a Fírvado. Desde este lugar báixase ao río por un camiño que pasa por uns prados.



Ferverza de Fírvado